

Xavier LAMA

Cuestións inocentes / Cuestiones Inocentes ¶ Arte de apacentar / Arte de apacentar ¶ As voces que retornan / Las voces que retornan ¶ A tia mestra / La tía maestra ¶ Crónicas de la ciudad acristalada (III)

CUESTIÓN S INOCENTES

Non sabes o que foi a Idade das Vacas?

Non sabes que eses animais de sangue derrotado foron capaces de construír unha maternidade secreta dun voluptuoso orgullo?

Non sabes que reinaron durante anos refuxiadas nun sentido esencialista, modesto, continxente, da existencia?

Non sabes que elas pastorearon durante séculos aos homes e ás mulleres da miña terra, e que eles, os pastoreados, non se decataron nunca dese milagre inverso?

Non sabes que as Vacas gardan na súa simbiótica memoria os segredos mordidos da terra, o fulgor terminal das ruínas, o perfume apodrecido da peste, o pranto eterno dos cochos desangrados no sacrificio anual dos amos e dos escravos?

Non sabes que nelas se confunden as idades, as constelacións reticulares do tempo, e que o seu humillado sosego é unha estreteira resistencialista para construír unha especular mitoloxía do martirio?

Ah, pero aínda segues sen saber o que foi a Idade das Vacas?

Xavier LAMA**CUESTIONES INOCENTES**

¿No sabes qué fue la Edad de las Vacas?

¿No sabes que esos animales de sangre derrotada fueron capaces de construir una maternidad secreta de un voluptuoso orgullo?

¿No sabes que reinaron durante años refugiadas en un sentido esencialista, modesto, contingente, de la existencia?

¿No sabes que ellas pastorearon durante siglos a los hombres y mujeres de mi tierra, y que ellos, los pastoreados, no percibieron nunca ese milagro inverso?

¿No sabes que las vacas guardan en su simbiótica memoria los secretos mordidos de la tierra, el fulgor terminal de las ruinas, el perfume podrido de la peste, el llanto eterno de los cerdos desangrados en el sacrificio anual de los amos y de los esclavos?

¿No sabes que en ellas se confunden las edades, las constelaciones reticulares del tiempo, y que su humillado sosiego es una estrategia resistencialista para construir una especular mitología del martirio?

Ah... ¿pero aún sigues sin saber qué fue la Edad de las Vacas?



Xavier LAMA**ARTE DE APACENTAR**

Déixame que che fale
de cando eu ía coas vacas ao prado
para que pacesen a herba crepuscular,
atónita,
a herba de sangue primordial
en racimo ou ofrenda,
xurdida da fluencia famenta da auga,
disposta sempre ao sacrificio e ao demantelamento,
a herba en rexeneración constante,
invadida sempre por unha filiación de recorrencia.

Lembro as tardes de outono
que enarboran un silencio de prata porfiada,
vernizadas ás veces polo froito
adoecido
da choiva.

Elas, as que integraban a manda silandeira,
zugaban co seu dentame de cinza vidrosa
as frebas esenciais,
húmidas de verde incitación,
da herba.

Parecían sometidas a un pacto de paciencia,
convertidas en hóspedes dunha mecánica silente
e era posible percibir
naquel íntre, agora reconstruído,
unha sombra deshabitada de eternidade
peneirada polo linóleo gris do ceo.

Xavier LAMA**ARTE DE APACENTAR**

Déjame que te hable
de cuando yo iba con las vacas al prado
para que paciesen la hierba crepuscular,
atónita,
la hierba de sangre primordial
en racimo u ofrenda
surgida de la fluencia hambrienta del agua,
dispuesta siempre al sacrificio y al desmantelamiento,
la hierba en regeneración constante,
invadida siempre por una filiación de recurrencia.

Recuerdo las tardes de otoño
que enarbolan un silencio de plata contumaz,
barnizadas a veces por el fruto
doliente
de la lluvia.

Ellas, las que integraban la manada silenciosa,
succionaban con su dentadura de ceniza vidriosa
las fibras esenciales,
húmedas de verde incitación,
de la hierba.

Parecían sometidas a un pacto de paciencia,
convertidas en huéspedes de una mecánica silente
y era posible percibir
en aquel instante, ahora reconstruido,
una sombra deshabitada de eternidad
depurada por el linóleo gris del cielo.



Xavier LAMA**AS VOCES QUE RETORNAN**

Escoito agora as voces recortadas no tempo: regresan coma lóstregos e volven conducir as xugadas que labran regos graduais nun territorio de gravitacións interrompidas.

Son as ánimas dos que aman a terra cunha elasticidade inqueda e unísona nesta paisaxe miña.

As súas voces, afalando os versos, atravesan as túnicas orgánicas do campo, repousan entre as pálpebras cándidas dos castiñeiros, entre o recendo sorprendido das mazairas e as leiras alumadas polos cetros altivos do millo.

Volve a procesión dos silenciosos ás glorietas antigas da acordanza

e maniféstanse cos seus berros acobillados, coas voces arquexantes do traballo,

cun idioma de coágulos que trae o eco daquela vella estirpe de atletas orfos purificados polo tempo.

Non desertan nunca. Sempre están aí, á espreita, ante un novo mundo atroz que depreza o semblante incurable daqueles esforzos e infortunios.


Escoito, doutra volta, as voces recortadas no tempo e asino un armisticio poético con eles, cos meus devanceiros da casa nativa

que levitan na noite solemne da memoria

Xavier LAMA

para lembrarme que nada foi inútil,

que baixo as bóvedas dos seus murmurios contaxiosos agroman os
intestinos celestiais da miña identidade.



Xavier LAMA**LAS VOCES QUE RETORNAN**

Escucho ahora las voces recortadas en el tiempo: regresan como fulguraciones y vuelven a conducir las yuntas que labran surcos graduales en un territorio de gravitaciones interrumpidas.

Son las ánimas de los que aman a la tierra con una elasticidad inquietante y unísona en este paisaje mío.

Sus voces, espoleando estos versos, atraviesan las túnicas orgánicas del campo, reposan entre los párpados candorosos de los castaños, entre el perfume sorprendido de los pomares y de los predios alumbrados por los cetros altivos del maíz.

Vuelve la procesión de los silenciosos a las glorietas antiguas de la remembranza

y se revela con sus lamentos embozados, con las voces sofocadas del trabajo,

con un idioma de coágulos que trae el eco de aquella estirpe de atletas huérfanos purificados por el tiempo.

No desertan nunca. Siempre están ahí, al acecho, ante un nuevo mundo atroz que desprecia el semblante incurable de aquellos esfuerzos e infortunios.

Escucho, otra vez, las voces recortadas en tránsito y firmo un armisticio poético con ellos, con los antepasados de la casa nativa

que levitan en la noche solemne de la memoria

para recordarme que nada fue inútil,

Xavier LAMA

que bajo las bóvedas de sus murmullos contagiosos germinan los
intestinos celestiales de mi identidad.

**A TIA MESTRA**

Velaí a fotografía de soidade inhóspita
na que se mortifican os reloxos.

Ela era a beleza que instauraba profecías
cun sorriso luminoso no que se adiviñaban xa
as exfoliacións da derrota.

Era, si, a beleza da comarca con ollos relampantes
capaces de preludiar o insomnio.

As vísceras dun rostro son cadernos apócrifos:
lese neles a cautela
asolagadora
da amargura.

Anos despois descubrín a súa vida arredor
de moucos comensais que van habitando a alma
como pálidos impostores
ou elfos calcáreos,
enredados sempre nos muslos brandos do desaire.

Fora mestra nacional (así se dicía daquela)
nunha ecuación de escolas entristadas
e relixiosos deberes con diademas mórbidas.

Xavier LAMA

Nunca casou e un día regresou á casa familiar
sorpresa, din, pola roseira himenóptera
da demencia.
(Contaban os vellos que tantos libros
lle nubrarian o entendemento.)

Lía textos imposibles sobre abismos esotéricos
e interpretacións de soños lesionados.

Un día descubrín os seus cadernos secretos,
moitos anos despois de que morrera xestionando
unha agónica eternidade.
Contaba neles que a perseguían masóns lascivos
decididos a usurpar a súa pureza,
a sometela aos experimentos dun brutal
albedrío luxurioso.

Fixera súa a mitoloxía do pequeno César visionario,
pero cun engadido carnal
lúbrico e magnético,
como unha transgresora desviación da doutrina oficial.

Semellaba, no fondo, unha confesión de rebeldía
e desamparo, unha celestial novela gótica
que convertía as teimas do caudillo tramposo
nun místico e delirante labirinto órfico.

Xavier LAMA

LA TÍA MAESTRA

He ahí la fotografía de soledad inhóspita
en la que se mortifican los relojes

Ella era la belleza que instauraba profecías con una sonrisa luminosa en la que se adivinaban ya las exfoliaciones de la derrota.

Era, sí, la belleza de la comarca con ojos rutilantes capaces de preludiar el insomnio.

Las vísceras de un rostro son cuadernos apócrifos:
se lee en ellos la cautela
anegadora
de la amargura.

Años después descubrí su vida alrededor
de mustios comensales que van habitando el alma
como pálidos impostores
o elfos calcáreos,
enredados siempre en los muslos blandos del desaire.

Había sido maestra nacional (así se decía entonces) en una ecuación de escuelas mortificantes y religiosos deberes con diademas mórbidas.

Nunca se casó y un día regresó a la casa familiar
sorprendida, dicen, por el himenóptero rosal
de la demencia.
(Contaban los viejos que tantos libros
le habían nublado el entendimiento.)

Xavier LAMA

Leía textos imposibles sobre abismos esotéricos
e interpretaciones de sueños lesionados.

Hace tiempo encontré sus cuadernos secretos,
muchos años después de que muriese gestionando
una agónica eternidad.

Contaba en ellos que la perseguían masones lascivos
decididos a usurpar su pureza,
a someterla a los experimentos de un brutal
albedrío lujurioso.

Había hecho suya la mitología del pequeño César visionario,
pero con un añadido carnal
lúbrico y magnético,
como una transgresora desviación de la doctrina oficial.

Semejaba, en el fondo, una confesión de rebeldía
y desamparo, una celestial novela gótica
que convertía las obsesiones del caudillo tramposo
en un místico y delirante laberinto órfico.



Xavier LAMA**CRÓNICAS DE LA CIUDAD ACRISTALADA (III)**

Chégannos novas revestidas dunha retórica teoloxal sobre os habitantes das casas abandonadas nas aldeas.

Son infieis e recollen nos cristais rotos da noite unha colleita de ollos. Son os ollos que non soportan mirarse nas augas limpas do pasado.

Fan a rolda nocturna dos cemiterios para falar cos seres fragmentarios que regresan da morte cun devezo confesional, e constrúen altares infieis, púlpitos para propagar a verdade dos tempos paralelos.

Si, son indómitas e maternais, heréticas e auxiliadoras, as pantasma que viven nas casas abandonadas.

CRÓNICAS DE LA CIUDAD ACRISTALADA (III)

Nos llegan nuevas de una retórica teológica sobre los habitantes de las casas abandonadas en las aldeas.

Son infieles y recogen en los cristales rotos de la noche una cosecha de ojos. Son los ojos de los que no soportan mirarse en la aguas limpias del pasado.

Hacen la ronda nocturna de los cementerios para hablar con los seres fragmentarios que regresan de la muerte con un anhelo confesional, y construyen altares infieles, púlpitos para propagar la verdad de los tiempos paralelos.

Sí, son indómitos y maternales, heréticos y auxiliares, los fantasmas que viven en las casas abandonadas.

Xavier Lama o la melancolía del tigre

Armando REQUEIXO

Xavier Lama (Santa Euxea, Guntín, Lugo, 1962) es uno de los poetas gallegos más destacados de este comienzo de siglo, lo que no es poco decir, pues en los últimos años la lírica de esta tierra ha dado a conocer voces que, en algunos casos, han conseguido traspasar las fronteras de su lengua para hacerse oír en la de las naciones vecinas, como sucede, por citar sólo algunos ejemplos bien conocidos, con la obra de Manuel Rivas, Luisa Castro o Yolanda Castaño.

Por otra parte, el escritor lucense es también un acreditado profesional del ámbito periodístico, donde es uno de los rostros de referencia en los informativos de la Televisión de Galicia, y en el conjunto de su obra de ficción ocupan un lugar notorio sus textos teatrales, por los que ha sido galardonado en múltiples ocasiones. Premios como el Air France para Jóvenes Periodistas, el Mirador de la Complutense, L'Oreal de Articulismo Literario o el Galicia de Periodismo, por una parte, y distinciones como el Rafael Dieste o el María Casares de Teatro, por otra, confirman la relevancia de sus contribuciones.

En el mismo sentido, también se ha aventurado en los dominios de la narrativa, siendo autor de *Os moradores da nada* [*Los moradores de la nada*], libro de relatos breves por el que recibió en 1995 el Premio Álvaro Cunqueiro.

Es, por tanto, un escritor de muy amplio registro, que puede presumir de haber publicado tres poemarios igualmente premiados: *Tigres como Fausto con ollos de bruma* [*Tigres como Fausto con ojos de bruma*] (finalista del Esquíu de Poesía en su modalidad de lengua gallega en 2006), *Melancolía líquida da Idade das Vacas* [*Melancolía líquida de la Edad de las Vacas*] (que mereció dicho premio en 2008, el mismo año, por cierto, en que lo obtenía en lengua castellana el celebrado crítico literario Miguel García Posada con *El lamento de las praderas* y eran distinguidos, asimismo, los excelentes versos de *La mirada secuestrada* de Eugenio Maqueda Cuenca) y *Cabalos do alén na cidade das fábulas* [*Caballos del más allá en la ciudad de las fábulas*] (que se alzó hace apenas unos meses con el González Garcés de Poesía, convocado por la Diputación de A Coruña).

[Continúa en la página siguiente]